

a vir xe do car me

A FESTA DOS MOZOS

As autoridades gubernativas consideran perigosa a gran concentración de xente nas festas, e así tentan evitar o descontrol e revolución. Unhas Ordenanzas Municipais para o concello de Bueu, publicadas a finais do século pasado, prohibeno case todo, e así non se permitirá andar pola rúa en determinados momentos da tarde nen facer bulradas institucións gubernativas, militares ou relixiosas. Calquera que non respete o disposto anteriormente corre risco de ser detido polos axentes da autoridade. Así é como en 1918, o Presidente da Comisión dos Mozos de Beluso (Manuel Pastoriza) solicita do concello unha parella da Garda Civil, para garantir esa orde que se lles solicita.

Xa foron tempos nos que os Mozos de Beluso ían as festas de Cela, e logo eran estes os que devolvían a visita nas festas de Beluso. Co tempo, os inevitables roces entre parroquias fixo que os mozos de Cela empezasen a invitar á mocidade de Ardán. Pero esta xa é outra historia.

Existe unha diferenza entre as festas de Beluso e as das demais parroquias. Mentres que en Cela e Bueu os festexos están adicados aos Dolores, en Beluso a Virxe do Carme é a patrona da mocidade.

A nosa parroquia é unha zona donde o Mar marca todos os aconteceres da vida local: a economía, a sociedade, a cultura e por suposto que tamén no xeito de celebrar as súas festas. É así como a Virxe do Carme,

Patrona dos homes do Mar, ten un lugar principal nas súas celebracións relixiosas. A Virxe protexe aos mariñeiros no traballo, acódelles nos naufraxios e tamén nos temporais. Pero tamén lles ofrece protección despois da morte, intercedendo por eles ante Deus.

É case imposible establecer unha data na orixe das festas do Carme, fundamentalmente pola falta de información xa referida. Aínda así, podemos dicir que estas xa se facían a principios de século, coma froito dunha longa tradición.

A imaxe da Virxe do Carme que hoxe se conserva no interior da igrexa parroquial de Beluso, ten unha relativa antigüidade. Foi feita en 1931 polo imaxineiro Rivas, o mesmo artista que máis tarde faría a figura do Carme para a Igrexa de Bueu.

